**LUA**- O día 30 de maio de 2016, AS NENAS E OS NENOS DO CEIP SACO E ARCE, APADRIÑAMOS o castro de Trelle,

**SAÚL- A palabra APADRIÑAR significa Protexer ou favorecer a alguén ou a algo.**

**AROA- Neste lugar, durante a Prehistoria, un valeroso clan castrexo levantou a súa aldea e viviu en harmonía coa natureza durante séculos.**

**IRENE- A especie humana mellorou en moitos sentidos ao longo da historia: no que respecta á saúde, á cultura, á tecnoloxía, á industria, ao transporte, pero despreocupouse e deixou de lado á nai natureza, a que nos dá a vida e da que dependemos. Valoremos o legado que herdamos dos homes e das mulleres castrexas!**

**HUGO CRUZ- Dende hoxe, nós Comprometémonos a coidar este espazo a achegarnos ata aquí a miúdo e a animar aos visitantes a que o manteñan limpo e coidado**

**DAMIÁN- Mantelo vixiado para que ninguén poida verter lixo, acender lume nin danalo!**

**HUGO G- A min gustaríame ir cada ano a poñer carteis explicando porque o castro de Trelle é un tesouro galego. Tamén lle pediría ao concello que o consideren un espazo protexido e contraten un garda-bosques.**

**HUGO H.- Comprometémonos a coidar o lugar onde viviron os nosos antepasados como se fora a nosa casa e a coidar da flora e da fauna que o rodea. Non podemos esquecer o fogar dos nosos devanceiros!!!**

**XAN- Gozaremos da paisaxe, do aire, do canto dos paxaros, respectaremos a todos os seres vivos que forman este valioso ecosistema e xogaremos nel como pequenos castrexos toenienses.**

**CANDELA R.E.- Dende hoxe, este castro conta con pequenos protectores que non deixarán que ninguén o dane manténdoo vivo para que perdure moitos anos máis. (Candela-4º)**

**GABRIEL- Querer é poder !!!!! Xuntos conseguirémolo**

**TODOS/AS Todo por Toenius, Toenius ceibe!**